

**ANUNCIO: APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL
NUM. 13 REGULADORA DA TAXA POR SUMIDOIROS**

Datos do Expediente:

Nº Expediente:	2023/G016/000004
Data:	26/10/2023
Obxecto:	Modificación da Ordenanza Fiscal núm.13 reguladora da taxa por sumidoiros

O Pleno con oito votos a favor do PP e cinco em contra do BNG e do PSdeG-PSOE, ACORDOU:

Visto a necesidade de modificar a ordenanza fiscal reguladora da taxa de rede de sumidoiros motivado polo incremento acumulado nos últimos anos dos custos relacionados coa prestación do servizo que está a producir un desequilibrio entre os custos reais e os ingresos recibidos e o consecuente aumento da situación do déficit que cómpre corrixir para asegurar unha correcta prestación do servizo nos próximos anos.

Considerando que a última modificación das tarifas entrou en vigor o 28.12.2020 (BOP núm. 222), propónse modificar o artigo 5º “cota tributaria” mediante a actualización do IPC das cantidades en vigor (excepto para os importes por acometidas), coincidindo o importe proposto co seguinte:

<i>Modificación ordenanza aplicable dende</i>	<i>12/2020</i>
<i>Actualización IPC a</i>	<i>09/2023 (último dispoñible)</i>
<i>Variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC</i>	<i>16,20%</i>

Visto o informe da secretaría de asesoramento legal preceptivo, en cumprimento do establecido no artigo 3.3 d) 1º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional,

Visto o informe do 18.10.2023 que contén o estudo técnico-económico de acordo co disposto no artigo 25 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e en cumprimento do esixido no artigo 24.2 da citada norma,

Á vista da documentación que obra no expediente 2023/G016/000004 e unha vez cumpridos os trámites esixidos na lexislación vixente, propónse ao pleno ACORDAR:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 13 reguladora da taxa de rede de sumidoiros de acordo coa redacción que se achega..

Segundo: Someter a dita modificación da ordenanza fiscal municipal a exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Coruña BOP). por trinta días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O texto íntegro da modificación da ordenanza aprobada con carácter provisional estará a disposición para a súa consulta na páxina web municipal (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>). Finalizado o período de exposición pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se tiveran presentando e aprobando a redacción definitiva da modificación a que se refira o acordo provisional. No caso de non terse presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario,

Terceiro: Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro das modificacións da ordenanza fiscal no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación, de conformidade co disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

TEXTO ÍNTEGRO DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN.

Modifícase o artigo 5 que pasa a ter a seguinte redacción:

Artigo 5. Cota tributaria.-

A cota desta Taxa, será a que figura na seguinte:

Epígrafe	Tarifa (Euros / ano)
1. Vivendas	76,69 €
2. Locais e establecementos (academias de ensino, escolas infantís, garderías, colexios, centros de día e residencias, hoteis, hospedaxes, casas de turismo rural, bares, cafeterías, tabernas, restaurantes e casas de comida, obradoiros e fornos de pan, panaderías, comercios e tendas de venda por xunto e polo miúdo de produtos de calquera tipo, talleres de vehículos, maquinaria, electrodomésticos, estacións de lavado e engraxe de vehículos, estacións de servizo ou gasoleiras, fábricas e industrias de todo tipo, estudos e oficinas, despachos profesionais, librerías e papelerías, oficinas bancarias, farmacias, clínicas, centros de saúde, ximnasios, barberías, salóns de peiteado e de beleza, salas de xogo, salas de festas e discotecas, clubs, pubs).	104,58 €

3. Locais e establecementos baleiros ou pechados (terán a tarifa aplicable ao epígrafe 2, reducida nun 50%)	52,29 €
4. Outros locais e establecementos de actividades e negocios, ou instalacións, non contemplados no epígrafe 2	104,58 €

ACOMETIDAS

1. A instalación da acometida á rede de saneamento efectuarase polo Concello ou pola empresa adxudicataria, cumprindo as condicións técnicas aprobadas, sendo por conta do titular da licencia o custo dos traballos da conexión, que serán os vixentes no cadro de prezos aprobado polo Concello.
2. Ningún titular poderá manipular a rede municipal de saneamento, agás o persoal do Concello ou da empresa adxudicataria.
3. Os servizos de evacuación de excretas, agás pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do Concello que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida a rede.

Vedra, 27 de outubro de 2023
(Documento assinado dixitalmente)